

PROPOSTAS MUSICAIS PARA A CORENTENA

A continuación encontraredes unha selección de cancións, xogos, danzas, etc. que podedes realizar na casa durante estes días nos que non hai clase.

Estas actividades son de realización voluntaria, pero é moi recomendable que fagades aquelas que vos apetezan para así afianzar os contidos traballados nas últimas clases de música. Ao mesmo tempo, tamén axudarán a que a corentena sexa máis levadeira, pois podedes facelas todas as persoas da casa de maneira conxunta.

1º E 2º CURSO**CANCIÓNS:**

- Recordar a panxoliña que cantamos no festival de nadal, “25 de Decembro”, como desafío, tenta ensinarlla aos teus familiares.
- Canta e rapea o “Rap da Non Violencia”, emprega a base musical <https://www.youtube.com/watch?v=PDPzZ8fOFYU>

A violencia de xénero temos que combater

A violencia de xénero temos que denunciar (BIS)

Todos xuntos, imos a remar,

Nunha mesma dirección (BIS)

A violencia de xénero temos que combater

A violencia de xénero temos que denunciar

- Cantaremos de novo pola Paz no Mundo, canta o retrouso da canción “Os nenos queremos a Paz” <https://www.youtube.com/watch?v=M-hTsl0J-fc>

Canta comigo canta

Gritaremos basta xa.

Ven e dame a man,

Os nenos queremos a paz (BIS)

DANZAS E XOGOS DE PERCUSIÓN CORPORAL:

- Baila coa túa familia a “Danza dos sete pasos” <https://www.youtube.com/watch?v=MJf3T1aFfjE>
- Recordamos os pasos da “Danza chinesa” de Tchaikovsky <https://www.youtube.com/watch?v=eW1sR-A6AA8>
- Realiza percusión co teu corpo e que tenten imitarte os demais

3º e 4º CURSO

CANCIÓNS:

- Recordando o entroido:

Chegou o entroido, chegou o entroido,
a Amoeiro chegou o entroido
Todos bailamos e nos disfrazamos,
troulamos e cantamos ben.

Todos cantamos, e bailamos,
e pola rúa saudamos.
O entroido, mola mogollón,
e en Amoeiro gústanos un montón.

Chegou o entroido, chegou o entroido,
chegaron as risas e os tolos.
Sendo pallasos, disfrutamos
e alegramos a cachón.

Veña o entroido, veña o entroido,
!Por fin! Aquí chegou,
todos bailamos, ben disfrazados
emocionados e xoguetóns.

Todos comemos, e nos enchemos,
de filloas e orellas.
E tocamos a percusión,
animando con ilusión.

Todos os nenos, todas os nenas,
neste desfile imos andando.
Todos tocamos, tamén cantando
gozando e pasando ben.

- Canta e interpreta o “Rap da Non Violencia” e a canción a prol da Paz, “Os nenos queremos a Paz”. Encontrarás o link e a súa letra máis arriba neste documento.

DANZAS E FRAUTA:

- Baila coa túa familia “Jailhouse Rock” introducindo os pasos que aprendemos e introduce novas variacións, <https://www.youtube.com/watch?v=gjORz-uP4Mk>
- Interpreta coa túa frauta “Kalinka” e canta coa letra que aprendemos. Intenta tocar a melodía acompañando o seguinte audio <https://www.youtube.com/watch?v=5p5yRMA2-xg>

5º e 6º CURSO

CANCIÓNS:

- Recorda os cánticos que preparamos para o entroido. Toma coma un reto ensinarlle a túa familia as estrofas que sabedes.
- Canta e interpreta o “Rap da Non Violencia” e a canción a prol da Paz, “Os nenos queremos a Paz”. Encontrarás o link e a súa letra máis arriba neste documento.

FRAUTA E PERCUSIÓN CORPORAL:

- Recorda a peza que tocamos no festival de Nadal “A musa dos ventos”. A continuación tes o link para que poidas facelo con acompañamento <https://www.youtube.com/watch?v=Kmksw1-WpD4>
- Interpreta coa túa fruta a peza “We will rock you”, podes recordar as notas a través do seguinte link <https://www.youtube.com/watch?v=wL6GzJQJUgU> . Introduce percusión corporal (palmada en muslo e palmada), <https://www.youtube.com/watch?v=-tJYN-eG1zk>
- Inventa ritmos de percusión corporal (Pregunta-Resposta), intenta xogar coa túa familia e que te imiten